

Ven “electoralistas” as críticas do PP á Feira do Libro da Habana

RESPOSTA ► Editores, escritores e ilustradores rebateron onte as acusacións de López-Chaves á presenza galega no evento ► Os participantes negan ser “séquito” de ninguén

AXENCIAS • SANTIAGO

Escritores, editores e ilustradores galegos emitiron onte un comunicado conxunto para rexeitar as manifestacións do voceiro de Cultura do Partido Popular de Galicia (PPdeG) sobre que a conselleira Ánxela Bugallo viaxou á Feira do Libro da Habana “cun séquito superior ao dun xefe de Estado”.

Acusan a López-Chaves de saber de antemán “cal era o orzamento asignado para este evento”, contra o que puido presentar emendas, o cal demostra que “o debate é oportunista” e que “foi provocado para crear dúbidas na cidadanía no contexto dunha campaña electoral”.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (Aelg); a Asociación Galega de Editores

(AGE), a Asociación Galega de profesionais da Ilustración (AG-PI) e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Galix) defenden que os participantes galegos na Feira da Habana foron a Cuba polas súas “capacidades literarias, artísticas e profesionais contrastadas” e “non pola súa adscrición política”.

Os afectados consideran que a denominación “séquito” aplicada á representación do colectivo editorial, literario e artístico de Galicia “supón un inaceptábel desprezo á cultura en xeral e á do noso país en particular”.

Por último, lamentan que o PPdeG “non valore o feito histórico” de que Galicia asista por primeira vez como país convidado nun evento cultural “de

tal magnitude” e acusan a López-Chaves de “faltar á verdade” sobre as actuacións na Feira do Libro, “encamiñadas a presentar, dignificar e enxalzar a nosa riqueza cultural”.

Comparecencia

Precisamente, a conselleira de Cultura, Anxela Bugallo, explicará hoxe no pleno da Cámara galega, a petición propia, a política de proxección exterior da cultura galega e a presenza de Galicia nas feiras internacionais do ámbito cultural. Ademais, a responsable autonómica responderá ao interese do PP por coñecer o custo total da participación da Xunta na Feira do Libro da Habana, que xa cuantificou en 1,3 millóns de euros.